



Facultade de Filoloxía e Tradución

(*)

Horarios

Horarios

http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=74

Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G400V01101	Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español I	1c	6
V01G400V01102	Lingüística: Introducción á lingüística aplicada	1c	6
V01G400V01103	Filosofía: Introducción ás ciencias humanas e sociais	1c	6
V01G400V01104	Literatura: Introducción aos estudos literarios	1c	6
V01G400V01105	Idioma moderno: Lingua portuguesa I	1c	6
V01G400V01201	Historia: Historia das culturas ibéricas	2c	6
V01G400V01202	Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español II	2c	6
V01G400V01203	Literatura: Teoría da literatura	2c	6
V01G400V01204	Lingüística: Lingüística xeral	2c	6
V01G400V01205	Literatura: Crítica literaria	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español I**

Materia	Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español I			
Código	V01G400V01101			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Quilis Sanz, María José			
Profesorado	Quilis Sanz, María José			
Correo-e	mjquilis@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Primeira materia do grao que estuda a gramática do galego e do español. Preséntase unha introdución aos fundamentos das gramáticas e á identificación das unidades e relacións gramaticais.			

Competencias

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B4	Mellora da capacidade de comunicación en español, galego e portugués en diferentes contextos profesionais, traballando as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
B9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
C2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
C15	Coñecemento das repercusións lingüísticas e interculturais do contacto de linguas.
C20	Coñecemento teórico e práctico dos dicionarios do español/galego/portugués nos seus diferentes formatos.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D5	Capacidade de xerar novas ideas.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Perfecto dominio instrumental das linguas española e galega.	A1	B4	C1	D2
	A2	B5	C2	D10
	A5	B7	C5	D11
		B9	C8	D12
			C15	
			C20	

Coñecemento dos diferentes tipos de gramáticas das linguas galega e española.	A1	B1	C1	D2
	A2	B4	C2	D5
	A5	B5	C5	D8
		B7	C8	D10
		B9	C15	D11
			C20	D12
Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística	A1	B1	C1	D2
	A2	B5	C2	D5
	A5	B7	C5	D8
		B9	C8	D10
			C15	D11
			C20	D12
Capacidade de análise e comentario das ideas lingüísticas presentes nas gramáticas	A1	B1	C1	D2
	A2	B4	C2	D5
	A5	B5	C5	D8
		B7	C8	D10
		B9	C15	D11
			C20	D12
Perfecto dominio dos criterios de identificación e análise das diferentes unidades lingüísticas e as súas relacións		B1	C2	D1
		B7	C5	
			C8	

Contidos

Tema	
1. A oración simple.	1.1. Enunciado oración e proposición. 1.2. Suxeito e predicado. Modificadores e adxacentes.
2. Os complementos das oracións predicativas.	2.1. O complemento directo. 2.2. O complemento indirecto. 2.3. O complemento de réxime, rexido, preposicional ou suplemento. 2.4. O complemento axente. 2.5. O complemento predicativo. 2.6. O complemento circunstancial. 2.7. A aposición.
3. Complementos oracionais e elementos periféricos	3.1. Circunstante 3.2. Modalizadores da oración. 3.3. Modalizadores da enunciación 3.4. Marcadores discursivos. 3.5. Os enunciados parentéticos e os incisos. 3.6. O vocativo. A interxección.
4. Clases de oracións.	4.1. Oracións segundo a actitude do falante. 4.2. Oracións segundo a natureza do predicado. 4.3. Oracións segundo a estrutura do predicado.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	14	30	44
Resolución de problemas	8	18	26
Debate	6	14	20
Traballos de aula	10	23	33
Probas de resposta curta	6	10	16
Estudo de casos/análisis de situacións	4	7	11

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	O profesor explicará os contidos esenciais de cada un dos temas, aclarando os conceptos-clave da materia e orientando ao alumnado.
Resolución de problemas	Proposta e resolución na aula de exercicios dos diferentes apartados do programa. Estes colgaranse en FAITIC tanto para o alumnado presencial como semipresencial.
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	O alumno terá que realizar traballos ou exercicios de forma autónoma. Exporanse problemas que o alumno terá que resolver coas ferramentas proporcionadas na aula teórica de forma autónoma. Estes serán supervisados posteriormente polo profesor.
Debate	Cos debates, preténdese facer reflexionar ao alumnado sobre aspectos gramaticales que xeran debate na análise lingüística dunha lingua patrimonial.
Probas	Descrición
Estudo de casos/análisis de situacións	Realizaranse estudos de caso nas horas destinadas á práctica. O obxectivo é que o alumno afonde nos coñecementos que se explicaron na aula.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas	Resposta a problemas propostos ou realización de exercicios na aula. No caso do alumnado semipresencial, estes exercicios indícanse e presentaranse a través da plataforma de teledocencia FAITIC	5	A1 A2 A5	B1 B4 B5 B7 B9	C1 C2 C5 C8 C15 C20	D1 D2 D5 D8 D10 D11 D12
Traballos de aula	Realización de pequenos traballos, comentarios de textos gramaticais. Tamén se inclúe neste apartado a participación activa na aula. Os traballos poden realizarse na aula ou fóra. No caso do alumnado semipresencial, estes traballos indícanse e presentaranse a través da plataforma de teledocencia FAITIC	5	A1 A2 A5	B1 B4 B5 B7 B9	C1 C2 C5 C8 C15 C20	D1 D2 D5 D8 D10 D11 D12
Probas de resposta curta	Ao longo do cuadrimestre, o profesor avaliará as competencias adquiridas con tres probas principais de resposta curta. Serán obrigatorias tanto para o alumnado presencial como semipresencial.	50	A1 A2 A5	B1 B4 B7 B9	C1 C2 C5 C8	D1 D2 D10 D12
Estudo de casos/análisis de situacións	Entregaranse ao profesor os casos de análises que expoña, para realízaos de forma autónoma. O profesor avaliaráos posteriormente coa porcentaxe indicada. Os exercicios hanos de realizar tanto o alumnado presencial como semipresencial.	40	A1 A5	B1 B5 B7 C8	C1 C2 C5	D1 D5 D8 D10 D11

Outros comentarios sobre a Avaliación

As datas dos exames son as mesmas tanto para alumnos presenciais como semipresenciais. Para este alumnado celebrarase unha tutoría grupal presencial ao mes, nunha data acordada e establecida pola coordinación do grao.

Recomendase, ao estudantes semipresenciais, asistir á tutoría grupal presencial de cada mes.

Ao longo do cuadrimestre, o profesor avaliará as competencias adquiridas con tres probas de resposta curta. A **primeira proba** abarcará os temas 1, 2 e 3; a **segunda** inclúe os temas 4, 5 e 6 e a **terceira** os temas 7 e 8. A primeira realizarase a finais de setembro, a segunda a finais de outubro e a terceira a finais do primeiro cuadrimestre. As datas serán susceptibles de modificación segundo o ritmo de aprendizaxe dos alumnos. Son probas obrigatorias para o alumnado presencial e semipresencial.

ALUMNADO PRESENCIAL:

1ª edición das actas: Os alumnos e as alumnas poderán elixir entre a avaliación continua e a avaliación única.

De optar pola avaliación única, terán ata a terceira semana do curso para comunicar esta decisión á profesora por correo electrónico. De non efectuarse dita notificación entenderase que se segue a avaliación continua.

Doutra banda, o dereito á avaliación continua perderase se non se asiste a un mínimo do 80% das clases, é dicir, só se avaliará con este sistema aos alumnos e as alumnas que asistisen a 38 horas ou máis de clase. Tamén se perderá o dereito á avaliación continua se non se entregan as prácticas obrigatorias fixadas pola profesora.

Pola súa banda, a avaliación única consistirá nun único exame realizado na data oficial marcada pola Facultade.

2ª edición das actas: do mesmo xeito que na avaliación única, o alumnado realizará un único examen na data oficial establecida pola Facultade.

ALUMNADO SEMIPRESENCIAL:

- En a **1ª edición das actas** os alumnos e as alumnas poderán elixir entre a avaliación continua e a avaliación única. Independentemente do método de avaliación elixido, recoméndase asistir á presentación da materia e ás clases que sexan posibles.

Para a avaliación continua seguirase o seguinte método de avaliación:

- Resolución de problema e/ou exercicios : 5%
- Traballos de aula: 5%
- Probas de resposta curta: 50%
- Estudo de casos e análises: 40%

De non cumprir estes requisitos avaliarase polo método de avaliación única, que consistirá nun único exame realizado na data oficial marcada pola Facultade.

- En a **2ª edición das actas** do mesmo xeito que na avaliación única, o alumnado realizará un único exame na data oficial establecida pola Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Academia Española de la Lengua, Real, **Nueva Gramática de la Lengua Española: manual**, 2010,

Manuel Casado, **El Castellano actual : usos y normas**, 2012,

Alarcos Llorach, Emilio, **Estudios de gramática funcional del español**, 1980,

Martínez, José A., **Funciones, categorías y transposición**, 1994,

Alarcos Llorach, Emilio, **Gramática de la lengua española**, 1999,

Rojo Sánchez, G. Jiménez Juliá, T., **Fundamentos del análisis sintáctico funcional**, 1989,

Álvarez Blanco, Rosario, **Gramática da lingua galega**, 2002,

Carme Hermida Gulías, **Gramática práctica (morfosintaxe)**, 2004,

Xosé Feixó Cid, **Gramática da lingua galega: síntese práctica**, 2004,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingua: Fundamentos gramaticais do galego e do español II/V01G400V01202

DATOS IDENTIFICATIVOS**Lingüística: Introducción á lingüística aplicada**

Materia	Lingüística: Introdución á lingüística aplicada			
Código	V01G400V01102			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Ramallo Fernández, Fernando			
Profesorado	Ramallo Fernández, Fernando			
Correo-e	framallo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
D5	Capacidade de xerar novas ideas.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer os fundamentos teórico-metodolóxicos da lingüística aplicada	A1	B1	C5	D10
	A2	B2	C8	D11
Ser quen de identificar, describir e analizar problemas nos que a linguaxe e as linguas ocupan un lugar central nas sociedades contemporáneas	A1	B8	C5	D5
			C8	D10
				D11

Contidos

Tema	
1. A lingüística aplicada como campo de estudo da linguaxe e das linguas	1.1 Que (non) é a lingüística aplicada? 1.2 A lingüística aplicada e o cambio social 1.3 Como se fai lingüística aplicada
2. O campo profesional	2.1 Tradución e interpretación 2.2 Lexicografía 2.3 Lingüística forense 2.4 Lingüística clínica 2.5 Tecnoloxías da linguaxe
3. Problemáticas	3.1 Linguaxe e neoliberalismo 3.2 Educación lingüística 3.3 Política Lingüística

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	20	0	20
Seminario	5	35	40
Debate	8	0	8
Resolución de problemas	8	0	8
Traballos e proxectos	4	40	44
Probas de resposta curta	2	27	29

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión encamiñada a tomar contacto e a reunir información sobre o alumnado, avaliar o punto de partida e presentar a materia. Recoméndase a asistencia do alumnado semipresencial.
Lección maxistral	Introdución conceptual aos contidos de cada un dos temas. O alumnado semipresencial ten a súa disposición pímulas audiovisuais e outros materiais complementarios para traballar as cuestións teóricas abordadas nas sesións maxistras.
Seminario	Traballo en profundidade, discusión grupal e debate de lecturas das problemáticas abordadas.
Debate	Charla aberta entre os estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. Metodoloxía que tamén ha seguir o alumnado semipresencial

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Para o seguimento desta metodoloxía docente, o alumnado pode resolver as dúbidas en titorías personalizadas.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Para a elaboración do traballo proposto, o alumnado ten que acudir obrigatoriamente a 2 titorías (individuais ou grupais) nas que se abordarán as dúbidas que suscite esta metodoloxía docente. Estas titorías serán virtuais para o alumnado semipresencial, a través de algún programa de interacción en liña.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	O alumnado deberá facer unha lectura exhaustiva dos 3 textos propostos. Ademais, deberá entregar con antelación á celebración de cada seminario un breve documento que inclúa un resumo, unha avaliación crítica e unhas preguntas para discutir no seminario. Para obter a máxima cualificación nesta metodoloxía é imprescindible a asistencia e a participación activa nas sesións. O alumnado semipresencial deberá facer as mesmas lecturas, que serán traballadas tanto nun foro específico en liña como nas sesións de titorías grupais presenciais acordadas para o cuadrimestre.	30	A1 A2	B1 B2 B7 B8	C5	D10 D11
Debate	Haberá 4 debates sobre cuestións relacionadas coa materia. Valorarase particularmente a capacidade argumentativa sobre a problemática proposta para cada un dos debates. No caso do alumnado semipresencial, estes debates faranse vía telemática.	10	A1 A2	B8	C5	D5 D10
Resolución de problemas	Valorarase especialmente a resolución creativa das 4 prácticas propostas, a partir dos coñecementos adquiridos nas sesións maxistras. O alumnado semipresencial terá que elaborar as prácticas e/ou exercicios e remitilos a través da plataforma de traballo en liña que terá a súa disposición. Non terá que facelos en tempo real, pero si durante a mesma semana na que se propoñan.	10	A1		C5	D5 D10

Traballos e proxectos	O alumnado presenta o resultado obtido na elaboración de 1 traballo sobre a temática da materia. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita. O alumnado semipresencial ten tamén que elaborar e presentar un traballo de curso	30	A1 A2	B2 B7 B8	D5 D10 D11
Probas de resposta curta	Unha proba de respostas curtas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os discentes deben responder de maneira directa e breve en base aos coñecementos que teñen sobre a materia. O alumnado semipresencial está obrigado a realizar esta proba de xeito presencial no día e hora que se fixe.	20	A1 A2	B1 C5 C8	D5 D10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Contémpnanse dúas posibilidades de avaliación: continua e única. Cada discente ten que comunicar a súa preferencia nas primeiras semanas de clase.

Avaliación continua

É a recomendada para todo o alumnado. Contempla as actividades que se describen na táboa anterior. Para a avaliación continua é moi recomendable a asistencia ás horas presenciais (incluídas as prácticas). No caso do alumnado semipresencial recoméndase asistir á sesión de presentación, a dúas titorías (individuais ou grupais) e ás probas escritas previstas. No resto, debe

realizar e entregar as tarefas de avaliación indicadas en tempo e forma.

A materia de exame inclúe a lista de conceptos que se han traballar nas sesións maxistras, para o que se prevé a elaboración dun breve glosario. A data do exame é a do calendario oficial da Facultade de Filoloxía e Tradución.

Aquelas persoas que non superen a materia ao final do cuadrimestre, deberán presentarse ó exame escrito na data oficialmente establecida pola Facultade con vistas á segunda edición de actas.

Avaliación única

O alumnado que prefira someterse a avaliación única deberá examinarse de todos os contidos da materia nun exame final único que se realizará na data oficial.

Aquelas persoas que non superen a materia ao final do cuadrimestre, deberán presentarse ao exame escrito na data oficialmente establecida pola Facultade con vistas á segunda edición de actas.

Observación

O plaxio será penalizado. En caso de detectárense prácticas que impliquen plaxio poderase invalidar a cualificación na proba correspondente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Moita Lopes, Luiz Paulo da (org), **Por uma lingüística aplicada indisciplinar**, 2, Parábola, 2008

Rajagopalan, Kanavillil, **Por uma lingüística crítica**, 1, Parábola, 2003

Bibliografía Complementaria

Lacorte, Manel (coord.), **Lingüística aplicada del español**, 1, Arco Libros, 2007

Hall, Christopher J.; Smith, Patrick H. & Wicaksono, Rachel, **Mapping Applied Linguistics**, 1, Routledge, 2011

Block, David; Gray, John & Holborow, Marnie, **Neoliberalism and applied linguistics**, 1, Routledge, 2012

Recomendacións

Outros comentarios

A materia impártese en lingua galega. O alumnado de intercambio é benvido. Recoméndase un bo nivel de galego oral.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Filosofía: Introducción ás ciencias humanas e sociais**

Materia	Filosofía: Introdución ás ciencias humanas e sociais			
Código	V01G400V01103			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Rocha Alvarez, Delmiro			
Profesorado	Rocha Alvarez, Delmiro			
Correo-e	delmirorocha@uvigo.es			
Web				
Descrición	Materia introdutoria ás teorías, métodos e conceptos das ciencias humanas e sociais xeral			

Competencias

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
B6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C18	Capacidade para localizar, utilizar e aproveitar a información contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e Internet.
C20	Coñecemento teórico e práctico dos dicionarios do español/galego/portugués nos seus diferentes formatos.
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D5	Capacidade de xerar novas ideas.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento da problemática metodolóxica específica das ciencias humanas.	A1	B5	C18	D5
	A2	B8		D8
	A3	B9		D10
				D11
Saber diferenciar conceptualmente entre ciencias da natureza, ciencias humanas e humanidades.	A1	B5	C18	D5
	A2	B6		D8
	A3	B8		D10
				D11

Saber operar e aplicar discursivamente (lectura e escritura) coas nocións básicas metodolóxicas das ciencias humanas.	A1	B5	C18	D2
	A2	B6	C20	D5
	A3	B8		D8
	A5	B9		D10
				D11
			D12	

Contidos

Tema	
1. Nocións básicas	1.1 Conceptos científicos. 1.2 Hipóteses e leis científicas. 1.3 Teorías científicas.
2. Lóxica da investigación científica	2.1 A explicación en ciencias da natureza. Modelo nomolóxico-deductivo. Coñecemento causal. 2.2 O coñecemento nas ciencias históricas. Modelo comprensivo-hermenéutico.
3. Explicación nas ciencias humanas e sociais (Psicoloxía y Socioloxía)	3.1 Niveis de información: físico-natural; informacional; semántico. 3.2 Modelos metodolóxicos de caixa-negra (black-box) e caixa translúcida (clean-box). 3.3 Exemplo de explicación en ciencias humanas: o suicidio.
4. A pretensión científica das ciencias humanas	4.1 Teoría da información. 4.2 Teoría de sistemas. 4.3 Cibernética.
5. Modelos metodolóxicos en ciencias humanas e sociais	5.1 Estruturalismo. 5.2 Funcionalismo. 5.3 Condutismo. 5.4 Psicoanálise. 5.5 Hermenéutica.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	50	74
Resolución de problemas	7	4	11
Presentacións/exposicións	15	48	63
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que ten que desenvolver o alumnado. No caso do réxime semipresencial, o alumnado disporá dos materiais teóricos na plataforma de ensino virtual Faitic
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral. Para o réxime semipresencial, o alumnado disporá dos materiais de prácticas na plataforma de ensino virtual Faitic, ou no seu caso, adquirilos no servizo de reprografía da facultade. O alumnado semipresencial deberá facer as mesmas lecturas, que serán traballadas nas sesións de titorías grupais presenciais acordadas para o cuadrimestre (un mínimo de 3).
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado, ante o docente e/ou un grupo de estudantes, dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto etc. Pódese realizar de maneira individual ou en grupo. Para o alumnado semipresencial as presentacións faranse a través dos dispositivos dispoñibles na plataforma Faitic

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Presentacións/exposicións Os alumnos serán titorizados polo profesor durante a preparación da exposición, e tamén recibirán 'a posteriori' unha serie de indicacións sobre os acertos e os puntos débiles da presentación mesma.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas	Valórase a calidade das respostas aos exercicios propostos	25	A1 A2	B9	D2 D5 D8 D10 D12	
Presentacións/exposicións	Cada estudante traballará un texto clásico da materia que terá que expor publicamente.	25	A1 A2 A3 A5	B5 B8	C18 C20	D2 D5 D8 D10 D11 D12
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa.	50	A1 A2 A3 A5	B9	C18	D5 D8 D10 D12

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes están obrigados a asistir polo menos ao 80% das clases no caso de acollerse a avaliación continua. Se algún motivo xustifico lles impide a asistencia regular, deberán advertilo no seu momento ao responsable da materia. Neste último caso, procederase a unha avaliación mediante unha proba única final (na data que recolla o calendario de exames da FFT).

Os estudantes semipresenciais, para optar pola avaliación continua, deberán entregar un (1) traballo escrito baixo as pautas que o profesor indique.

Os que non aproben na "edición de actas" de decembro-xaneiro, terán que ser avaliados unicamente polo exame oficial de xullo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

C. H. von Wright, **Explicación y comprensión**, Alianza Editorial, 1980

Claude Lévi-Strauss, **Antropología estructural. Mito. Sociedad. Humanidades**, Siglo XXI, 2009

Jean-Jacques Rousseau, **Discurso sobre el origen de la desigualdad entre los hombres**, Alianza Editorial, 2012

Bibliografía Complementaria

Carnap, R./Morgensten, O., **Matemáticas en las ciencias del comportamiento**, Alianza Editorial, 1974

Gadamer, H.G., **Verdad y método**, Ediciones Sígueme, 1998

Gadamer, H.G., **Arte y verdad de la palabra**, Paidós, 1998

Gómez Rodríguez, Amparo, **Filosofía y metodología de las ciencias sociales**, Alianza Editorial, 2003

Harris, Marvin, **Antropología cultural**, Alianza Editorial, 2011

Th. S. Kuhn, **La estructura de las revoluciones científicas**, Fondo de Cultura Económica, 1975

Lago, Ignacio, **La lógica de la explicación en las ciencias sociales**, Alianza Editorial, 2008

Mosterín, Jesús, **Conceptos y teorías en la ciencia**, Alianza Editorial, 2000

Stegmüller, W, **La concepción estructuralista de las teorías**, Alianza Editorial, 1981

Weber, M., **Conceptos sociológicos fundamentales**, Alianza Editorial, 2014

Weber, M, **La "objetividad" del conocimiento en la ciencia social y en la política social**, Alianza Editorial, 2009

Wartofsky, M. W., **Introducción a la Filosofía de la ciencia**, Alianza Editorial, 1983

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS**Literatura: Introducción aos estudos literarios**

Materia	Literatura: Introdución aos estudos literarios			
Código	V01G400V01104			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Chas Aguión, Antonio Navaza Blanco, Gonzalo			
Profesorado	Chas Aguión, Antonio Navaza Blanco, Gonzalo			
Correo-e	achas@uvigo.es gnavaza@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia introdutoria aos estudos literarios na que se ofrece ao alumnado información relativa tanto ás fontes para o seu estudo, ás vías da súa difusión ou aos instrumentos para a realización de traballos de carácter literario.			

Competencias

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
C3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
C6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
C9	Coñecemento de retórica e estilística.
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D5	Capacidade de xerar novas ideas.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento dos instrumentos esenciais para a análise literaria. Aprendizaxe das técnicas de estudo e de traballos de carácter crítico.	A1	B1	C3	D2
	A2	B2	C6	D5
	A5	B5	C9	D8
				D10
				D11
				D12

Contidos

Tema

1. A obra literaria e as fontes para o seu estudo.	1.1. Fontes primarias. Edicións e antoloxías. 1.2. Fontes secundarias. 1.3. Fontes dixitalizadas.
2. A obra literaria e as súas vías de difusión.	2.1. A vía oral 2.2. A vía escrita: manuscritos e impresos 2.3. A vía dixital
3. Bibliotecas.	3.1. Bibliotecas físicas e dixitais. 3.2. Catálogos e procedementos de busca. Título, Materia, Autor. Uso de operadores booleanos. 3.3. Bibliotecas, arquivos, fondos de documentación e bases de datos relativos ás literaturas galega, española e portuguesa.
4. Os estudos literarios. Aspectos formais dun traballo académico.	4.1 O traballo académico nos estudos literarios. 4.2. Convencións formais. Nocións de tipografía e ortotipografía. 4.3. As []Normas de presentación de orixinais[]. 4.4. Cita, referencia bibliográfica, bibliografía, resumo, palabras clave. Uso das notas. 4.5. Particularidades da edición dixital. Hipertexto e enlaces.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	16	0	16
Traballos de aula	8	16	24
Eventos docentes y/o divulgativos	2	4	6
Titoría en grupo	2	0	2
Actividades introductorias	4	0	4
Traballo tutelado	16	16	32
Probas de resposta curta	0	32	32
Observación sistemática	0	10	10
Traballos e proxectos	0	24	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Nas clases teóricas presentaremos ao alumnado cada un dos temas de xeito organizado, proporcionándolle a bibliografía precisa. No caso do réxime semipresencial o alumnado disporá da información suministrada polo profesor a través de pímulas Mooc (cuxo acceso será facilitado mediante unha clave) ou ben a través da información suministrada pola plataforma FAITIC.
Traballos de aula	Complemento das sesións maxistras, nas horas prácticas serán expostos os conceptos teóricos a un grupo máis reducido do alumnado. Para o seu desenvolvemento será preciso como punto de encontro tanto a aula como a biblioteca. O alumnado semipresencial tamén disporá dos materiais precisos (sexa a través da plataforma de ensino virtual ou por correo electrónico) para avanzar en cada unidade temática.
Eventos docentes y/o divulgativos	Está prevista a visita dun/ha especialista na materia que pronunciará unha conferencia, en horas presenciais, sobre un dos contidos do programa, e sobre o que o alumnado, tanto presencial como non presencial, terá que facer un traballo. A tal efecto, o alumnado semipresencial tamén disporá dos materiais precisos para o desenvolvemento desta actividade.
Titoría en grupo	Horas de asistencia obrigatoria para todo o alumnado, fixadas no horario oficial, nas que se aclararán cuestións e se resolverán dúbidas previas ao exame ou á entrega de traballos. O alumnado de réxime semipresencial cumprirá coas esixencias deste tipo de matrícula en canto ao número de titorías obrigatorias: dúas (unha por cada parte da materia), ademais doutras que se acorde co profesorado.
Actividades introductorias	Nas primeiras horas de docencia presencial das dúas partes está prevista unha sesión informativa a todo o alumnado, anticipando e aclarando as cuestións relativas ao desenvolvemento do curso. No caso de alumnado acollido á matrícula semipresencial a asistencia ás primeiras dúas horas de actividades introductorias será de carácter obrigatorio.
Traballo tutelado	Cada alumno/a deberá presentar un traballo seguindo as pautas expostas na segunda parte do curso. Ademais das instrucións recibidas na aula poderá asesorarse sobre particularidades do seu traballo nas horas de titoría. Tamen o alumnado acollido ao réxime de semipresencialidade disporá da información precisa para realizar estes traballos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Traballos de aula	Tanto nas horas introdutorias como nas que se dedican ás tutorías en grupo, ambas as dúas en horario presencial, exporemos ao alumnado a metodoloxía da materia, así coma o seu seguimento e os procedementos de avaliación de cada un dos apartados que constan na guía. Tamén o alumnado acollido ao réxime de semipresencialidade disporá da información precisa para realizar estes traballos.
Eventos docentes y/o divulgativos	Inclúense dúas horas presenciais para a asistencia a conferencias por parte de expertos nos estudos literarios que han de xerar un traballo persoal ao alumnado, redactando un informe que se entregará na semana seguinte ao evento.
Traballo tutelado	Tanto o alumnado presencial como semipresencial terá que realizar traballos tutelados polos profesores, que ofrecerán as explicacións e farán o seguimento dos mesmos.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Metodoloxía correspondente á segunda parte da materia. Ao alumnado entregaráselle o título do traballo que terá que facer, así como a metodoloxía e os procedementos de avaliación, e se fará un seguimento do mesmo. Tamén o alumnado acollido ao réxime de semipresencialidade disporá da información precisa para realizar estes traballos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	A segunda parte do curso está encamiñada á realización dun traballo de acordo coas normas de presentación de orixinais dunha publicación periódica. Un 10% da cualificación final valorará a actividade na aula, nas titorías e durante o proceso de elaboración do traballo.	10	A1 A2 A5	B1 B2 B5	C3 C6 C9	D2 D5 D8 D10 D11 D12
Probas de resposta curta	A avaliación dos dous primeiros temas dos contidos expostos nesta guía, correspondentes á primeira metade da materia, farase mediante un exame no que o alumnado deberá contestar a preguntas sobre os principais conceptos expostos. Será preciso aprobar dito exame para superar a avaliación, e contará un 40 % da calificación final.	40	A1 A2 A5	B1 B2 B5	C3 C6 C9	D2 D5 D8 D10 D11 D12
Observación sistemática	O seguimento dos traballos e exercicios solicitados e a participación activa regular tanto nas titorías presenciais ou virtuais, tanto para o alumnado presencial como semipresencial, suporán un 10% da calificación final da materia.	10	A1 A2 A5	B1 B2 B5	C3 C6 C9	D2 D5 D8 D10 D11 D12
Traballos e proxectos	O traballo escrito tutelado contará un 40% na cualificación final.	40	A1 A2 A5	B1 B2 B5	C3 C6 C9	D2 D5 D8 D10 D11 D12

Outros comentarios sobre a Avaliación

